

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Bases do I concurso de deseño da camiseta oficial do XXVII Rock in Cambre*

#### **BASES I CONCURSO DE DESEÑO DA CAMISETA OFICIAL DO XXVII ROCK IN CAMBRE**

Por Resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade núm. 1164/2018 de data 14/06/2018 aprobáronse as bases do I Concurso de deseño da camiseta oficial do XXVII Rock in Cambre. A continuación transcríbese integramente o texto:

#### **“BASES I CONCURSO DE DESEÑO DA CAMISETA OFICIAL DO XXVII ROCK IN CAMBRE**

##### **OBXECTO**

A Área de Cultura, Deportes e Mobilidade do Concello de Cambre organiza o I Concurso de deseño da camiseta oficial do XXVII Rock in Cambre.

##### **PARTICIPANTES**

Poderá participar no concurso calquer persoa maior de 16 anos. Admitiranse dous deseños por autor/a.

##### **REQUISITOS**

Os deseños deben ser orixinais e inéditos, as ilustracións ou debuxos incluídos non deben supor plaxio de obras publicadas por outros artistas. En ningún caso se admitirán propostas nas cales foran utilizadas imaxes doutros autores ou institucións.

As camisetas deberán incluír, cando menos, o seguinte logotipo: ROCK IN CAMBRE (dispoñible en [www.cambre.gal](http://www.cambre.gal)), na parte dianteira. Na parte traseira deberá constar, polo menos, os grupos que compoñen o cartel artístico proposto pola organización (Radio Océano, Heredeiros da Crus, Siniestro Total, Marky Ramone, Stratos VLC, Angelus Apatrida, Banda Bassotti e Os Resentidos), deixando un espazo para 6 grupos locais. Deberase ter en conta que a camiseta oficial do festival será de cor negra. Os textos empregados no deseño da mesma estarán escritos íntegramente en galego.

Os traballos deberán presentarse preferentemente en formato vectorial (.ai, .eps, ...). Os deseños, no defecto de non poder achegalos en formato vectorial, deberán ser presentados en .jpeg ou .tiff a 300 ppp de resolución no tamaño correspondente a inserir na camiseta. O deseño das camisetas pode ser presentado a 1, 2 ou 3 tintas planas, para despois poder ser serigrafiadas.

O Concello de Cambre resérvase o dereito de empregar o deseño gañador, podendo reproducilo, adaptalo ou aplicalo a outros formatos, de ser preciso, sen que sexa necesario o permiso expreso do/a autor/a.

##### **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de inscrición e de recepción de traballos será a partir do día seguinte ao de publicación das bases no B.O.P. da Coruña e ata o 30 de xuño de 2018.

##### **INSCRICIÓNS**

Para concursar deberase cumprimentar obrigatoriamente unha solicitude de inscrición dispoñible na web [www.cambre.gal](http://www.cambre.gal) e nos rexistros municipais.

A inscrición formalizarase mediante a presentación da dita ficha e da obra en formato dixital ou enlace que permita o acceso en liña á mesma, en calquera Rexistro Municipal ou na sede electrónica, sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

##### **XURADO**

O xurado estará formado por 5 membros:

- Presidente: o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade. Con voz pero sen voto.

- Secretario: o coordinador de cultura e educación ou pola persoa en quen delegue. Con voz pero sen voto e que levantará acta do fallo do xurado.
- 3 persoas relacionadas co mundo da música e do deseño gráfico (músicos, cantantes, técnicos, deseñadores gráficos, etc.).

O fallo do xurado será inapelable, e poderá declararse deserto o premio.

O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases.

#### **FALLO**

O fallo do xurado será o 4 de xullo de 2018 e comunicarse ao gañador/a. Será publicado na web do Concello de Cambre ([www.cambre.gal](http://www.cambre.gal)).

#### **PREMIOS**

O concurso estará dotado cun único premio que consistirá en dous pases VIP válidos para acceder ao back stage do festival e dúas camisetas obxecto do concurso.

#### **ACEPTACIÓN DAS BASES**

O feito de participar no presente concurso supón a plena aceptación do contido destas bases.”

Cambre, 14 de xuño de 2018.

O concelleiro delegado

Daniel Carballada Rodríguez

2018/4450